

EU NON QUERO SER PRÍNCIPE...

EU NON QUERO SER PRÍNCIPE...paso de estar días buscando unha torre, durmindo no chan e logo ter que pelexar cun monstro para que logo a princesa sexa unha cría que só grita e pide cousas e quéixase por todo.

EU NON QUERO SER PRÍNCIPE...xa me doe o cu de ir nun cabalo todo o día, xa me marea tanto galopar, todo o día pum pum, pum pum, pum pum, pum pum, pum pum...arriba e abaixo.

EU NON QUERO SER PRÍNCIPE...Por que teño que casar cunha princesa? Seguro que podo conseguir mellores partidos sen curralo tanto.

EU NON QUERO SER PRÍNCIPE...paso de matarme escalando un castelo para salvar a alguén, que non subise! Ou que baixe ela!

EU NON QUERO SER PRÍNCIPE...paso de ir espertar princesas cun bico, que compren un espertador como todo o mundo!

EU NON QUERO SER PRÍNCIPE...non me apetece ir por aí bicando princesas, que as bique súa nai, ou é que non teñen?

EU NON QUERO SER PRÍNCIPE...pasan a meirande parte do tempo xogando a vida por princesas!

EU NON QUERO SER PRÍNCIPE...non quero levar espada, son pacifista e non me gustan as armas.

EU NON QUERO SER PRÍNCIPE...non me gusta ser o protagonista da historia. Prefiro os personaxes secundarios.

EU NON QUERO SER PRÍNCIPE...quero pasar desapercibido e que non me coñezan en todas as partes.

EU NON QUERO SER PRÍNCIPE...tería que vestir de traxe, e a min só me gustan os chándales.

EU NON QUERO SER PRÍNCIPE...recibir golpes por todos os lados só por salvar unha princesa que non fai nada por si soa.

EU NON QUERO SER PRÍNCIPE...paso de vivir nun castelo tan grande, co despistado que son perderíame para ir á cociña, e nin me imaxino cando tiña gaña de ir ao baño...

EU NON QUERO SER PRÍNCIPE...non quero ter que pelexar con orcos, xigantes e dragóns. Non é o meu problema e prefiro morrer de vello que chamuscado por un dragón.

EU NON QUERO SER PRÍNCIPE...Iso de que aos dezaioito anos fagan un baile e me teña que namorar dunha princesa mete moita presión.

EU NON QUERO SER PRÍNCIPE...non quero ter que levar unha espada cada vez que saio do castelo.

EU NON QUERO SER PRÍNCIPE...non me gusta vestir de azul, a miña cor favorita é o verde.

EU NON QUERO SER PRÍNCIPE... a min iso de estar a corpo de rei mentres os demais traballan non me vai.

EU NON QUERO SER PRINCESA...

EU NON QUERO SER PRINCESA... Aínda que me gusten os animais, non penso quedarme nun castelo cunha besta... encima que está no quinto pemento rodeado de lobos. Por se fose pouco, con obxectos que cobran vida. Non sei por que teño que arriscarme a que lle dea fame de noite e me coma dun bocado.

EU NON QUERO SER PRINCESA...mira que hai cores preciosas, pero a rosa é a máis fea do mundo, é moi repugnante.

EU NON QUERO SER PRINCESA...odio os zapatos de taco, fanme dano nos pés e non me deixan correr.

EU NON QUERO SER PRINCESA... non me gusta levar unha coroa. Quero levar o meu cabelo solto e despeiteado.

EU NON QUERO SER PRINCESA...porque non necesito un príncipe que me rescate. Podo soa.

EU NON QUERO SER PRINCESA...porque me gustaría ser mecánica, e nunca oín que unha princesa puidese facer iso.

EU NON QUERO SER PRINCESA...e mira que perdo zapatos, pero non quero que ninguén veña buscarme á casa para poñermos.

EU NON QUERO SER PRINCESA...servir a sete ananos, como se non tivese outra cousa que facer! E encima esperar a un príncipe, coa pouca paciencia que eu teño. Quero facer algo máis produtivo, que quen non traballa dorme na palla.

EU NON QUERO SER PRINCESA...non me namoraría dunha besta por moitas rosas vermellas que me regalase.

EU NON QUERO SER PRINCESA...non cambio as miñas deportivas por uns tacóns aínda que me paguen.

EU NON QUERO SER PRINCESA...non me gusta bicar ras.

EU NON QUERO SER PRINCESA...para que necesito que me salve un príncipe se teño as miñas amigas?

EU NON QUERO SER PRINCESA... Gústame os animais, pero non quero pasar o tempo libre falando con eles. Vai parecer que estou tola!

EU NON QUERO SER PRINCESA...paso de estar cen anos encerrada nunha torre illada. Está ben pasar un tempo comigo mesma lendo ou pintando, pero toda a vida é moito!

EU NON QUERO SER PRINCESA...non aguantaría nin un só día cun xustillo posto.

EU NON QUERO SER PRINCESA...non quero que a miña vida dependa dun home.

EU NON QUERO SER PRINCESA...non quero estar todo o día no palacio sen poder saír, parece que estou en corentena! Encima sen wifi!

EU NON QUERO SER PRINCESA...camiñar todo o día cunha zapatilla de cristal é moi incómodo e non para de romper cando apoio o pé. Xa levo moitas caídas por culpa diso! E para máis transparéntanseme todas as feridas!

EU NON QUERO SER PRINCESA...non me gusta nada ter ratos de asistentes domésticos. Danme moito noxo! E poden contaxiarme calquera enfermidade!

EU NON QUERO SER PRINCESA...non podería vestir como quixese, non podería comer coas mans, é unha tortura! Tería que ser perfecta, vestir ben, ser guapa, elegante, educada... E non falemos do vulnerable que tería que parecer. Se alguén me intenta roubar ou raptarme, non lle podería pegar? Tería que berrar como se estivese asustada?

EU NON QUERO SER PRINCESA... e mira que me gusta o luxo. Pero nas torres deses castelos tan antigos débese pasar moito frío. Non me fai graza ningunha, eh!

EU NON QUERO SER PRINCESA... e mira que me gustan os animais, pero que veñan tres ratos parlantes vestirme ás sete da mañá... que repelús!

EU NON QUERO SER PRINCESA...que por ser guapa me boten da miña casa e teña que limpar, fregar e facer a comida a sete personaxes que veñen negros das minas...co difícil que é lavarlles a roupa! Iso non é para min.

EU NON QUERO SER PRINCESA...estar vivindo cunha besta maleducada e malhumorada esperando a ver se cambia a súa forma de ser mentres eu o aturo. Que cambie antes de vir onda min!

EU NON QUERO SER PRINCESA...ter o pelo tan longo co que custa desenlealo, para logo tiralo pola ventá e que un príncipe cos pés sucios o use de escaleira.

EU NON QUERO SER PRINCESA...estar nunha festa pasándoo ben para que cando dean as doce teña que saír correndo polas escaleiras rompendo os pés cuns zapatos de cristal, para logo perder un. Como se non custasen cartos!

EU NON QUERO SER PRINCESA...porque non quero ter un chofer persoal, eu quero conducir tractores polo campo.

EU NON QUERO SER PRINCESA...non quero que os criados me fagan todo, quero facelo eu mesma. Co que me gusta a min cociñar!

EU NON QUERO SER PRINCESA...non quero ser un conto con final feliz. Quero escribir a miña historia cada día.

EU NON QUERO SER PRINCESA...non quero comer perdices. Prefiro un bo churrasco.

EU NON QUERO SER PRINCESA...non quero deixar de expresar a miña opinión propia ou ter que cambiala para agradar os demais e ser máis prudente.

EU NON QUERO SER PRINCESA...non quero que os demais pensen que son perfecta e que o meu valor se mida pola miña beleza.